

**C U N T I S**

## E d I C T O

de conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público, mediante a publicación do presente anuncio no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no BOP, a notificación do expediente que se indica, xa que intentada no último domicilio coñecido da persoa destinataria non foi posible practicala.

A persoa interesada poderá comparecer nas oficinas municipais no prazo de 15 días para coñecer o contido íntegro do acto obxecto da notificación e deixar constancia dela.

NOME E APELIDOS	ÚLTIMO ENDEREZO COÑECIDO	ACTO OBXECTO DE NOTIFICACIÓN
JOSÉ MARÍA BAÑOS GONZÁLEZ	r/B. SAGASTA NÚM. 23 • 36670 CUNTIS	Acordo Xunta de Goberno Local do 8 de novembro de 2013.

Cuntis, a 2 de decembro de 2013.—O Alcalde, Antonio Pena Abal.

**2013011026**

e e e

**A G U A R D A**

## E d I C T O

Sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia en data 4 de novembro de 2013, anuncio de aprobación inicial e exposición ao público da aprobación da Ordenanza Fiscal do imposto de vehículos de tracción mecánica, transcurrido o prazo de 30 días hábiles sen que se teñan presentado reclamacións contra a mesma, procédese a publicar o texto íntegro da modificación de dita ordenanza, e anuncio de aprobación definitiva;

**MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS  
DE TRACCIÓN MECÁNICA (I.V.T.M.)**

*ARTIGO 4.—EXENCIONS*

1.—Estarán exentos de este impuesto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidade Autónomas e Entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente relacionados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou doentes.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equipararanse aos ciclomotores de tres rodas.

- f) Os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Considéranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou o superior ao 33 por cento (33 %).

As exencións previstas neste apartado e no anterior non se aplicarán aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para poder gozar da exención a que se refire o presente apartado os interesados deberán xustificar o destino do vehículo, achegando ao Concello acreditación suficiente das persoas que transportan co vehículo para o cal se solicita a exención, así coma o grado de minusvalía que lles afecta.

- g) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.
- h) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

— Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e), f) e h) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, o seu matrícula e causa do beneficio.

A exención será declarada mediante resolución, estendendo os seus efectos a partir do período impositivo seguinte a aquel en que a mesma se solicitou, e en tanto non se altere a clasificación do vehículo ou as causas da exención, ao que estará obrigado a comunicar o interesado ao Organismo correspondente e cuxo incumprimento se reputará como infracción fiscal.

Xunto coa petición da exención do punto 1.e) e f) os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

*a) Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:*

— Certificado de la minusvalía.

Aos citados efectos, en aplicación do que dispoñen os artigos 1 e 2 do Real decreto 1414/2006, de 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro de 2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, o grao de minusvalía igual ou superior a 33 por 100 acreditarase mediante os seguintes documentos:

— Resolución ou certificado expedidos polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente.

— Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.

— Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidad.

— Fotocopia compulsada do permiso de conducción (anverso e reverso)

— Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.

— Fotocopia compulsada da póliza do seguro do vehículo na que figure o titular como conductos, debidamente firmada pola Compañía de polo Tomador ou Asegurado, así como fotocopia do último recibo do pago a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

— Fotocopia do d.N.I.

— deberá acreditarse ademais o destino do vehículo mediante declaración xurada do interesado.

*b) Vehículos destinados ao transporte de minusválidos.*

— Certificado de la minusvalía.

Aos citados efectos, en aplicación do que dispoñen os artigos 1 e 2 do Real decreto 1414/2006, de 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro de 2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, o grao de minusvalía igual ou superior a 33 por 100 acreditarase mediante os seguintes documentos:

- Resolución ou certificado expedidos polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente.
- Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.
- Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidad.
- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- Fotocopia do d.N.I. do minusválido.
- declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

Xunto coa petición da exención do punto 1.h) os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- Fotocopia compulsada da Tarxeta de características técnicas do vehículo.
- Fotocopia do dNI do titular.
- Fotocopia compulsada da Cartilla de Inspección Agrícola.

**ARTIGO 5.—BONIFICACIÓN**

1- Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 da cota do imposto:

- a) Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma do fabricante.

- b) Os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente.

Os interesados deberán presentar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das súas categorías.

2- Gozarán dunha bonificación do 75 por 100 da cota do imposto, durante os cinco anos naturais seguintes a data de primeira matriculación:

- Os vehículos eléctricos, de biodiesel ou híbridos.

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude agás as presentadas no mes de xaneiro. Neste último caso, a concesión surtirá efectos no mesmo exercicio.

**ARTIGO 6.—COTA**

A cota será o resultado de aplicar o coeficiente 1,25 ao cadro de tarifas do Artigo 95.1 do TRLFL expresado en euros que a continuación se transcribe:

*A. TURISMOS*

de menos de 8 cabalos fiscais . . . . .	12,62 €
de 8 ata 11,99 cabalo fiscais . . . . .	34,08 €
de 12 ata 15,99 cabalos fiscais . . . . .	71,94 €
de 16 ata 19,99 cabalos fiscais . . . . .	89,61 €
de máis de 20 cabalos fiscais . . . . .	112,00 €

*B. AUTOBUSES*

de menos de 21 prazas . . . . .	83,30 €
de 21 a 50 prazas . . . . .	118,64 €
de máis de 50 prazas. . . . .	148,30 €

*C. CAMIÓN*

de menos de 1000 kg de carga útil . . . . .	42,28 €
de 1000 a 2999 kg de carga útil . . . . .	83,30 €
de máis de 2999 a 9999 kg de carga útil . . . . .	118,64 €
de máis de 9999 kg de carga útil . . . . .	148,30 €

*D. TRACTORES*

de menos de 16 cabalos fiscais . . . . .	17,67 €
de 16 a 25 cabalos fiscais . . . . .	27,77 €
de máis de 25 cabalos fiscais . . . . .	83,30 €

*E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*

de máis de 750 kg a 1000 kg de carga útil . . . . .	17,67 €
de 1000 a 2999 kg de carga útil . . . . .	27,77 €
de máis de 2999 kg de carga útil . . . . .	83,30 €

*F. OUTROS VEHÍCULOS*

Ciclomotores . . . . .	4,42 €
Motocicletas ata 125 cc. . . . .	4,42 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc. . . . .	7,57 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc. . . . .	15,15 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc. . . . .	30,29 €
Motocicletas de máis de 1000 cc. . . . .	60,58 €

Este cuadro poderá ser modificado pola Lei de Ornamentos Xerais do Estado.

Para a aplicación da tarifa teranse en conta as seguintes regras:

- a) Os conceptos das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no Anexo II apartado A do Real decreto 2822/1998.

- b) Entenderase por “furgoneta” o resultado de adaptar un vehículo turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas ou outras alteración que non modifiquen esencialmente o modelo do que se deriva.
- c) As furgonetas, vehículos mixtos, todoterreo, derivados de turismo, mixtos adptables, mixtos todoterreo, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e similtres destinados a transporte mixto de persoas e cousas tributarán como turismo con arranxo a súa potencia fiscal agás nos seguintes casos:
- c.1- Se o vehículo está habilitado para transporte de máis de 9 persoas tributará como autobús.
- c.2- Se o vehículo está habilitado para unha carga útil superior a 525 kg tributará como camión.
- c.3- se o vehículo está habilitado para unha carga útil inferior a 525 Kg tributará como camión, sempre e cando o titular do mesmo esté dado de alta nun epígrafe do IAE para actividades profesionais (sección 2) que conleven a necesidade de dispoñer dun vehículo para carga e transporte de materiais ou mercancías. Neste caso, o titular deberá solicitar expresamente en cada exercicio fiscal, a tributación do vehículo como camión aportando a documentación relativa ó IAE así como xustificando a necesidade dun vehículo de para carga ou transporte para o desenrolo da actividade profesional. O órgano competente emitirá informe aprobando ou non a solicitude.
- d) As máquinas autopropulsadas que poidan circular pola vía pública se seren transportadas ou arrastradas por outros vehículo de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes a tractores, quedando comprendidos entres estes os tracto-camións e os tractores de obras e servicios.

A potencia do vehículo determinarase de acordo co disposto no Código de Circulación, onde se establece que, en calquera caso, a potencia fiscal do motor a consignar pola delegación de Consellería de Industria no certificado de características técnicas do vehículo será a que resulte de aplicala fórmula correspondente segundo o tipo de motor expresada con dous decimales aproximados por defecto.

En a Guarda, a 11 de decembro de 2013.—O Alcalde, José Manuel domínguez Freitas.

**2013011151**

e e e

## **O GROVE**

*Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito núm. 11/2013 por suplemento de crédito sobre o Orzamento Municipal prorrogado ao 2013.*

Rematado o prazo de exposición ó público do acordo plenario de data 21 de novembro de 2013 de aprobación inicial do expediente de suplemento de créditos núm. 11/2013 do orzamento municipal prorrogado ao 2013, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo, conforme ó disposto nos artigos 177 en relación co 171 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 38.3 en relación co 23.1 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril.

En cumprimento dos artigos 150.3 da citada Lei e 20.3 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, á que remiten respectivamente os artigos 160.4 de aquela e 42.1 de este, faise público o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos trala aprobación do devandito expediente á data de 16 de decembro de 2013: